

# 1.- A CONXUNTURA POLÍTICA

## 1.1.- Avaliación dos resultados electorais das Autonómicas de 2009 e conclusións.

As eleccións non son o único termómetro para medir a temperatura da nosa sociedade mais si proporcionan unha información relevante a respecto da evolución do estado de opinión dos distintos segmentos sociais e da capacidade das forzas políticas para sintonizar cos desexos e apreciacións presentes no tecido social. Certamente non fomos quen de considerar adecuadamente as perdas sufridas pola nosa organización no 2001 (49.000 votos e 1 deputado), nas que malia baixar do 25,5% (18 escaños) ao 23,3% (17 escaños) dos votantes e igualarnos en número de deputados, superamos de novo ao PSOE en votos, mantendo a hexemonía dentro das formacións da oposición. Tampouco o fixemos en 2005, cando caemos ao 19,6 %, perdendo 34.000 votos e catro deputados máis, ficando en 13 entanto que o PSOE pasou a 25. A perda de algo máis de 41.000 votos e 1 deputado no 2009, ficando nos 270.000 apoios, obrigan a unha análise demorada. Debe terse en conta ademais que os resultados electorais das autonómicas 2009 prodúcense despois da chegada do BNG á Xunta por primeira vez na historia, polo cal na avaliación dos resultados electorais debe incluírse tamén o da propia acción de goberno desenvolvida polo BNG.

Os resultados electorais son obxectivamente negativos para o BNG, supoñendo un fracaso a respecto dos obxectivos marcados, tanto no que ten a ver coa perda de apoios como no relativo ao retorno do PP ao Goberno. Así, o nacionalismo non consegue tirar réditos positivos da súa experiencia no Goberno galego. A nosa presenza no mesmo puido, nalgún aspecto, desfigurar a nosa imaxe diante dalgúns sectores dinámicos e transformadores mais tamén é certo que evidenciou a nosa vontade de tomar decisións orientadas estratexicamente cara un cambio real na Galiza. A esto uniuse algunha incogruencia do noso discurso nacionalista e transformador, cuestión que produciu confusión nos destinatarios das mensaxes e, ao cabo, incomunicación coas clases e sectores sociais máis proclives ao discurso do BNG.

Pódese afirmar que o PP logrou mobilizar á maioría do seu electorado potencial a través dunha campaña con forte implicación de medios estatais e concibida como o primeiro paso para a conquista da Moncloa. A chave do seu éxito estribou na desmobilización dos votantes do PSOE e, sobre todo, do BNG a través dunha campaña demagóxica e eticamente rexeitábel pero eficaz en liña co que vén sendo a súa estratexia desde a perda do goberno español en 2004: utilización dos seus potentes instrumentos mediáticos para crear axenda e, sobre todo, elementos de posicionamiento social cargados de potencialidade mobilizadora.

Mais unha tal campaña non tería producido a perda de apoios para o BNG de non concorreren outras circunstancias que cumpre analizar demorada e rigorosamente, a fin de tirar conclusións operativas perante a nova situación que o nacionalismo vai ter que afrontar nos próximos anos. A tal fin é preciso ter presente os seguintes factores:

a) Fraxilidade do nacionalismo, tanto no plano organizativo como no referente ao asentamento ideolóxico da súa base electoral: Ao BNG fíxolle máis dano a falsa percepción instalada polo PP e algúns medios de comunicación de que practicamos políticas de imposición idiomática que o feito de que os avances en materia de normalización lingüística que houbo nesta lexislatura fosen moi cativos. Tamén callou a percepción nalgúns sectores de que “os do BNG son iguais que os outros” e na desafección que isto conlevou, influíron máis as campañas de desprestixio dalgúns medios (precisamente provocadas por non ter actuado “como os outros”) que aos erros propios, sen dúbida cometidos.

- 1  
2 b) Avanzo do proceso españolizador, nomeadamente nos ámbitos urbanos, co amparo de  
3 importantes poderes económicos e mediáticos, baixo a cobertura ideolóxico-política do Partido  
4 Popular e cunha campaña electoral -e precampaña- absolutamente agresiva co nacionalismo.  
5  
6 c) Crise do modelo neoliberal, cun impacto tremendo en amplos sectores da cidadanía, con  
7 importantes repercusións sociais na Galiza, que leva a unha parte da sociedade a non acreditar nas  
8 alternativas políticas e si a entender as proclamas populistas como solución aos seus problemas.  
9 Neste contexto o BNG non foi capaz de conseguir facer chegar as súas alternativas a unha  
10 maioría da sociedade e que se visualizase así un proxecto alternativo e atraínte.  
11  
12 d) Fracasamos na tarefa de ampliar a nosa base electoral nalgúns dos territorios sociais  
13 hexemonizados tradicionalmente polo PP sen perder, ao mesmo tempo, o apoio de sectores que  
14 conformaban habitualmente o noso electorado. Ademais de sobrevalorar as nosas posibilidades de  
15 sintonía con aqueles votantes que se viñan mostrando máis proclives a dar o seu respaldo aos  
16 partidos do goberno por riba doutras consideracións, non acertamos a deseñar un conxunto de  
17 medidas, explicacións e interlocucións que permitiran dar satisfacción aos segmentos que  
18 demandaban un cambio fondo e rápido nos contidos e nas formas de facer política dende a Xunta.  
19  
20 e) Dentro dunha acción de goberno –nas áreas nacionalistas- globalmente positiva para o país,  
21 mesmo con actuacións estruturais de singular dimensión política e social, déronse desacertos  
22 importantes, que provocaron desmotivación en sectores tradicionalmente afíns ao BNG, que teñen  
23 a ver con actitudes incorrectas na transmisión de determinadas medidas, co exceso de aparencia  
24 continuista fronte ao contido, ou con desaxustes na relación entre o BNG no Goberno, o BNG na  
25 organización, e o BNG na sociedade.  
26  
27 f) Dialéctica política intragoberno fundamentada na intención do PSOE de fagocitar e anular ao  
28 BNG. Foi posíbel, contodo, marcar un espazo propio nacionalista socialmente visíbel, mais cunha  
29 percepción social, alimentada polo PP, de división gubernamental.  
30  
31 g) Desacertada política de relación cos medios de comunicación, públicos e privados.  
32

## 33 **1.2. A españolización do marco político: recentralización e ideoloxía** 34 **antinacionalista.** 35

36 Desde o Goberno español, moitos medios de comunicación, forzas políticas de ámbito estatal, ou  
37 grandes corporacións económicas colaboran de xeito desinhibido na negación de dereitos  
38 democráticos na Galiza, como os lingüísticos. Non só se ataca o nacionalismo como unha opción  
39 electoral máis, senón como a expresión política da vontade libre do pobo galego. En realidade, os  
40 ataques ao BNG teñen a súa razón de ser na visión intolerante e antidemocrática que sustenta a  
41 estrutura unitaria do Estado español. Incomoda a existencia dunha lingua diferente á española,  
42 dunha cultura singular, dunha historia autónoma, ou de referentes psicosociais propios. En  
43 definitiva, o problema é a nosa mera existencia como pobo diferenciado, como nación.  
44

45 Por tanto, a españolización non só procura a anulación do pobo galego como comunidade  
46 humana diferenciada, mais tamén (e ese mesmo proceso facilítalo) a recentralización do poder  
47 político, reducindo a marxe do xa cativo e aparente autogoberno, mesmo do punto de vista  
48 meramente administrativo. É evidente que este esquema resulta especialmente valioso para  
49 poderosos intereses económicos e as súas terminais mediáticas que precisan dunha Galiza  
50 submetida como mellor método para seguir tirando lucro económico.  
51

1 O reforzamento do aparello do Estado, a recentralización da súa intervención política e  
2 económica e o combate contra dos nacionalismos, especialmente dos periféricos como o galego,  
3 atopa nunha situación de crise estrutural como a actual o substrato ideal axeitado sobre o que  
4 asentar dito discurso.

5  
6 A lingua non é, neste contexto, un compartimento estanco. Moi pola contra, e máis na Galiza,  
7 lingua, economía e sociedade compartillan a mesma sorte. *A defensa da lingua conleva a aposta*  
8 *pola nación no seu conxunto. Tamén porque se corresponde cunha concepción da Galiza*  
9 *desacomplexada e digna, coa autoestima colectiva.* E recíprocamente, a má saúde económica e  
10 social, a falta de futuro colectivo, repercute na involución lingüística.

### 11 12 **1.3. O nacionalismo e cambio de modelo socioeconómico, político, cultural e** 13 **lingüístico no Estado. Por unha alternativa democrática, popular e** 14 **galega á crise económica do modelo capitalista neoliberal.**

15  
16 A crise que estamos a atravesar non é unha crise cíclica máis: é a crise do modelo neoliberal  
17 practicado, con escasas diferenzas, polos distintos gobernos estatais e erixido en doutrina oficial da  
18 Unión Europea e dos organismos económicos internacionais que, incapaces de prever e previr a  
19 crise, teiman agora nas vellas receitas –recortes sociais, precarización laboral, privatización de  
20 recursos e servizos públicos– esquecéndoas apenas cando de salvar as entidades financeiras se  
21 trata. Trátase dun modelo social que eleva o individualismo egoísta á categoría central da  
22 organización da sociedade e propaga un economicismo extremo que pon o mercado e o beneficio  
23 por riba da sociedade, por riba da cohesión social, da calidade de vida e da saúde das persoas; un  
24 produtivismo que se impón máis alá dos límites ecolóxicos dunha natureza tensionada ao  
25 extremo. En definitiva, o neoliberalismo está nas antípodas dos principios ideolóxicos do BNG.

26  
27 Na Galiza coñecemos de vello as consecuencias destas políticas: a desigualdade, a precariedade,  
28 a reconversión e o submetemento dos nosos sectores produtivos –a pesca, o agro ou a construción  
29 naval- a deseños foráneos contrarios aos nosos intereses. Por iso o nacionalismo galego sempre  
30 cuestionou a viabilidade de modelos económicos baseados na especulación e na depredación dos  
31 recursos naturais, na precariedade laboral e nos baixos salarios defendendo, fronte aos partidos  
32 estatais, o dereito de Galiza a formular e executar as súas propias estratexias de  
33 desenvolvemento. Son precisamente as clases populares as que están a sufrir a crise do modelo  
34 neoliberal con maior intensidade. O desemprego para os traballadores e a asfixia para a pequena e  
35 a mediana empresa produtivas son o escenario que depara a estes sectores unha crise producida  
36 por receitas que foron aplicadas con distintos matices polos sucesivos gobernos españois nas  
37 últimas décadas. E sabemos tamén que este modelo neoliberal vai da má, e non por acaso, da  
38 negación do poder de decisión e do ataque ás bases lingüísticas e culturais de países como o noso  
39 e, en xeral, da degradación da democracia. E é precisamente aí onde o nacionalismo galego debe  
40 intervir, traballando na construción dunha alternativa verosímil e viábel a esta situación de crise  
41 sistémica, fuxindo da abstracción e adaptada á singularidade e ás potencialidades da nosa  
42 realidade nacional.

43  
44 Obviamente, non é esta a intención do Goberno español. Nin dos poderes económicos que o  
45 sustentan ou do envoltorio ideolóxico que lle dá sentido. Moi pola contra, tratan de manter, ou no  
46 mellor caso “refundar” un sistema capitalista que é precisamente o que provoca a desigualdade, a  
47 discriminación e a explotación dos pobos, das clases traballadoras, e de amplas capas populares.

48  
49 No futuro inmediato todo apunta a un empeoramento que se verá aínda agravado polas políticas  
50 que veñen anunciando dende a dereita e o capital especulativo, co seu discurso de privatizacións a  
51 esgalla e medidas de apoio ao capital en detrimento das condicións de vida e de traballo da

1 maioría da cidadanía. O BNG debe estar preparado para esa circunstancia, para o cal tamén  
2 resulta imprescindible a recuperación e intensificación das relacións fraternas con aquelas  
3 organizacións e entidades que comparten o mesmo espazo de discurso e proxecto transformador e  
4 alternativo.

5  
6 No combate contra a crise económica o nacionalismo debe, pois, relacionar ambas as dúas  
7 cuestións: formular alternativas económicas que respondan aos intereses e ás demandas da  
8 maioría social e, apartir delas, ilustrar pedagoxicamente a necesidade de alargarmos o noso  
9 autogoberno, afondar na democracia e defendermos a nosa identidade cultural e lingüística. Xa  
10 que logo, *non só debemos facer unha aposta firme por unha economía produtiva fronte ao*  
11 *paradigma especulativo, tamén por un modelo de sociedade onde os dereitos sociais –ao*  
12 *ensino, á vivenda, ao traballo, a unha vellice digna, etc.- non estexan regulados polo mercado,*  
13 *senón que sexan garantidos polos poderes públicos.*

#### 15 **1.4. Optimizar a potencialidade social do nacionalismo na Galiza.**

16  
17 O nacionalismo é hoxe unha realidade asentada socialmente na Galiza, referencial para unha  
18 parte importante dos sectores máis dinámicos e comprometidos da nosa sociedade, e cunha  
19 capacidade de mobilización social, de influencia ideolóxica e iniciativa política contrastábel, en  
20 moitos casos por enriba da adhesión electoral. Posuíndo ademais unha presenza institucional non  
21 desdeñábel, unha estrutura territorial mellorábel, mais consolidada, e un importante activismo  
22 social na súa militancia. Desde a perspectiva do fortalecemento do nacionalismo e do avance do  
23 autogoberno nacional, o BNG vai realizar unha análise especial sobre a estrutura socio-  
24 económica de Galiza despois das fondas mudanzas sufridas nas últimas décadas.

25  
26 O nacionalismo galego debe aproveitar todos os resortes ao seu alcance para crear as condicións  
27 que permitan o seu avanzo e consolidación social. Convertermos o BNG nunha organización da  
28 masas: **alargamento** da militancia e fidelización dos simpatizantes, envolvéndoos activamente na  
29 vida organizativa e na acción política do BNG establecendo, a tal fin, novas vías de  
30 participación. *A organización é un elemento chave, indispensábel, para a consecución dese*  
31 *obxectivo. Priorizar, por tanto, a posta en marcha de medidas que permitan acadar un corpo*  
32 *militante formado, informado, coherente e ben organizado, con estruturas territoriais e*  
33 *sectoriais con funcionamento regular, e con vinculación e incidencia na representación*  
34 *institucional, que posibiliten o aproveitamento máximo do imenso potencial que posuímos,*  
35 *debe ser un obxectivo preferente para o BNG.*

## 37 **2.- PERFIL E OBXECTIVOS POLÍTICOS DO BNG**

### 39 **2.1. Actores e destinatarios da alternativa nacionalista na Galiza**

40  
41 O BNG, como organización nacionalista, representa unha alternativa de transformación  
42 socioeconómica, política, cultural e lingüística de Galiza. Como tal, o BNG aspira a representar  
43 todo o amplo espectro social que posúe un certo sentido de país, facendo avanzar o movemento  
44 nacionalista na Galiza, nas actuais circunstancias, como forza de oposición fronte ao PP. Asemade  
45 aspira a ser visualizado, a cada paso de forma máis nidia, como única posibilidade de cambio real  
46 positivo para Galiza, pola maioría da sociedade.

47  
48 Hai sectores que participan ideolóxica e materialmente dun modelo de Estado español desigual e  
49 contrario ao pluralismo nacional, aqueles que están máis vinculados con empresas multinacionais  
50 de distintos ámbitos -desde o enerxético até o mediático- cuxa razón social está residenciada en  
51 Madrid. Eses sectores contan ademais coa complicidade de poderes mediáticos de titularidade

1 galega que, pese a non teren vinculación formal con matrices españolas, defenden vicariamente o  
2 modelo recentralizador español para Galiza por considerar que unha Galiza dependente e atrasada  
3 é a mellor garantía da perpetuación do seu dominio.

4  
5 A poboación galega, en xeral, debe ser a destinataria da acción política do BNG. Pero neste  
6 contexto de dinámica continuada de anos en que perdemos apoios da poboación urbana e nova,  
7 deben ser estes segmentos centro de especial atención, revisando no necesario as liñas de  
8 actuación e mesmo o xeito de estruturarnos territorialmente para adaptarnos ás novas realidades  
9 urbanas ou do funcionamento de Galiza Nova, na procura de máis protagonismo da mocidade na  
10 liña de actuación do BNG. Asemade, consideramos imprescindible promover un maior  
11 protagonismo das mulleres que ocupan cargos de responsabilidade, buscando mais referentes  
12 femininos na relación da nosa organización coa sociedade.

13  
14 A nosa presenza no Goberno demostrounos que o nacionalismo galego ten a súa razón de ser nas  
15 potencialidades das clases traballadoras e da pequena e mediana burguesía vinculada á economía  
16 produtiva. As clases sociais que crían riqueza e que poden estar obxectivamente interesadas na  
17 existencia dun marco político galego de decisión son as proclives a comprender a necesidade do  
18 nacionalismo e as que poden facer que avance, aquí e agora. Sen arroupe das clases populares  
19 ningún proceso de emancipación nacional e social é posíbel. Tampouco o é ningún proceso de  
20 consolidación do nacionalismo desde o Goberno. ***O BNG debe manter interlocución e contacto  
21 permanente e directo con todos os axentes e colectivos sociais, mais debe deixar patente cales  
22 son os destinatarios fundamentais da súa política. Isto é básico para que o nacionalismo  
23 político estea sempre arroupado polo nacionalismo social.***

24  
25 Temos xa detrás un longo percorrido; debemos tirar conclusións da nosa experiencia e asumir a  
26 nosa actuación futura con realismo e coa convición da necesidade e utilidade do nacionalismo  
27 galego, como instrumento insustituíbel para mudar o papel da Galiza no Estado español, para  
28 desenvolver as nosas potencialidades como pobo e para contribuír a unha orientación  
29 internacionalista do marco europeo e do mundo. Un verdadeiro autogoberno, con capacidade e  
30 competencias reais, realmente responsábel, é unha das condicións prioritarias para o  
31 desenvolvemento produtivo do país e para a súa vertebración. Polo tanto, ***a alternativa  
32 nacionalista significa mellorar as condicións de vida desde a auto-estima e a confianza nas  
33 nosas posibilidades e capacidades como pobo. O labor social e institucional do BNG debe estar  
34 orientado a estes fins. Actuando sempre no seo da sociedade, traballando na súa vertebración,  
35 o obxectivo político último será facer aboiar a maior consciencia nacional, estimulando a  
36 confianza na capacidade do pobo galego e transformando o sentimento en identificación e  
37 práctica político-social.***

## 38 39 **2.2. A colaboración entre as organizacións do campo nacionalista e os** 40 **obxectivos comúns.**

41  
42 A partires da base social tradicionalmente identificada co proxecto nacionalista debe ser  
43 obxectivo do BNG aumentar o ámbito de incidencia deste proxecto. A ampliación do mesmo non  
44 virá da man de sectores sociais que teñen uns intereses e/ou unha ideoloxía contraditoria coa base  
45 social máis firme do nacionalismo. Por esa razón o BNG debe identificar con claridade os trazos  
46 definitorios da súa base social ao redor da que pivota o noso proxecto para, a partir de aí, definir a  
47 estratexia de ampliación e alargamento da base social organizada ou organizábel.

48  
49  
50 O Bloque Nacionalista Galego comparte con outras organizacións sindicais e sociais principios  
51 comúns por estaren situadas tamén no ámbito do nacionalismo, particularmente o da auto-

1 organización no marco da nación galega. Especial interese ten a relación do BNG coas  
2 organizacións sindicais, socio-profesionais, empresariais, feministas, culturais, ecoloxistas e as  
3 defensoras dos dereitos das minorías que teñan Galiza como marco de actuación e/ou unha  
4 orientación nacionalista.

5  
6 A colaboración e coordinación con elas contribúe á conquista de melloras laborais e sociais, á  
7 defensa dos servizos públicos, ao impulso da economía produtiva, á esixencia de medidas  
8 gobernativas para confrontar a crise económica do punto de vista dos intereses maioritarios, ao  
9 coñecemento e posta en valor da nosa cultura e do noso patrimonio natural, ao impulso dos  
10 procesos de normalización de usos do galego. En definitiva, a crear a atmosfera de  
11 responsabilidade e confianza na nosa capacidade, que é o que axuda a espallar a conciencia  
12 nacional galega.

13  
14 O BNG establecerá unha relación fluída e constante cos movementos sociais vencellados ao  
15 nacionalismo. O obxectivo será chegar a posicionamentos e reivindicacións comúns sempre que  
16 sexa posíbel. Consultarase a súa opinión para definir estratexias e o BNG ofrecerase de canle  
17 transmisora nas institucións, de compartillar a análise, loitando por abrir espazos para que as súas  
18 reivindicacións sexan escoitadas e defendidas.

19  
20 A experiencia do goberno obríganos a traballar a prol dunha mellor e máis eficaz relación coas  
21 organizacións sociais do nacionalismo, tecendo obxectivos e articulando estratexias comúns. A  
22 relación debe fundarse en dous principios complementares:

- 23 - Dunha banda, a autonomía e a correlativa especialización de cadansúa organización e do  
24 propio BNG no ámbito que lles é propio.
- 25 - Da outra, a conciencia de facermos parte todos do movemento nacionalista e de sermos  
26 todos corresponsábeis do seu avanzo social.

27  
28 *Para o avanzo do noso proxecto é preciso o soporte das organizacións sociais e sindicais. A*  
29 *relación debe ser sempre en mutuo beneficio e debe intensificarse. Deben mesmo*  
30 *institucionalizarse ámbitos simbólicos comúns (por exemplo, mitins, xornadas organizadas*  
31 *conxuntamente, ...). As organizacións sociais do movemento nacionalista deben entender que*  
32 *sen referente político o proxecto nacionalista non é viábel e, ao mesmo tempo, o proxecto*  
33 *político debe entender que sen referentes sociais non é posíbel o progreso dunha alternativa*  
34 *como a nosa.*

### 35 36 **2.3.- O BNG como forza de oposición social e institucional ao PP na Galiza.**

37  
38 O BNG asume o compromiso, nesta nova situación, de realizar, en consonancia coa súa  
39 alternativa política, unha oposición firme contra as políticas que a dereita española está  
40 empeñada en aplicar desde o Goberno galego. Ábrese un tempo político no que previsiblemente a  
41 dereita vai endurecer as medidas represivas contra as liberdades colectivas e contra todos os  
42 sinais da identidade propios da nosa nación. O españolismo vai encetar un proceso de poda das  
43 ponlas que sustentan o proxecto emancipador galego. O PP representa:

- 44  
45 a) converter o goberno galego nunha sucursal das estratexias do PP español, decididas na súa  
46 sede de Madrid.
- 47 b) instrumentalizar Galiza para servir ao seu obxectivo de conquistar o goberno do Estado.
- 48 c) destruír o as políticas iniciadas polo nacionalismo desde a Xunta, na medida en que ían  
49 encamiñadas a unha mudanza social e económica e á autoestima colectiva.
- 50 d) política de privatizacións de servizos públicos e incapacidade para optar por unha economía  
51 non especulativa.

- 1 e) parálise nas políticas a favor da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- 2 f) parálise e involución no proceso normalizador do noso idioma.
- 3 g) secundarización e marxinação das nosas manifestacións culturais.
- 4 h) confesionalidade relixiosa.
- 5 i) parálise no avance do autogoberno.

6  
7 A oposición a esta política, para ser eficaz, necesita de aliados sociais, de cobertura na base, de  
8 compromisos e mobilizacións das maiorías sociais afectadas. O noso labor de oposición debe ter  
9 os seguintes obxectivos: Por unha banda, defender as medidas tomadas polo goberno bipartito en  
10 favor do benestar social e da nosa identidade lingüística e cultural. Pola outra; acompañar aos  
11 sectores sociais que padecen os efectos da crise económica; asumir a defensa incondicional de  
12 todas as medidas que promovan o mantemento e ampliación das redes públicas de protección dos  
13 dereitos laborais e sociais; afondar na elaboración de propostas alternativas á lóxica económica  
14 dominante que permitan ir abrindo novas dinámicas de acumulación de forzas en favor dun  
15 modelo diferente de creación e distribución da riqueza.

16  
17 O BNG, como forza de oposición social e institucional ao PP na Galiza, debe situarse na cabeza  
18 visíbel dunha ampla mobilización a prol dos intereses populares de Galiza, retomando o papel  
19 didáctico e pedagóxico que a historia do nacionalismo ten reservado para a creación de  
20 conciencia nacional, antepoñendo os dereitos colectivos fronte ao interese das forzas  
21 concentradoras de capital-poder e acentuando unha defensa fechada daqueles sinais de identidade  
22 propia como a cultura e a lingua, que teñen ante si nos próximos tempos perigos de deturpación e  
23 musealización.

24  
25 ***O nacionalismo galego ten que ser vangarda na oposición destinada a desvendar o verdadeiro***  
26 ***significado da política do PP.*** Debe servirnos para o avance social dos postulados nacionalistas.  
27 O BNG, con realismo, aspira a ser unha forza política máis introducida socialmente e con máis  
28 capacidade de determinar a política galega. O nacionalismo galego é a antítese do que o PP  
29 representa como alternativa reaccionaria e anti-nacionalista. A introdución do nacionalismo na  
30 base popular do PP ten que vir a través dos conflitos sociais que a afecten, actuando de forma que  
31 contribúa a un cambio de mentalidade. ***Só a iniciativa, e a atención aos problemas do país, pode***  
32 ***permitirnos crear unha dialéctica política na Galiza que non sexa unha mera trasposición da***  
33 ***política española.***

34  
35 Malia que BNG e PSOE representamos non só dous proxectos políticos distintos mais tamén  
36 dúas formas de concibir Galiza e de actuación política, ***procuraremos acordos tácticos no ámbito***  
37 ***institucional co PSOE para favorecer coincidencias na acción e dinámicas propias das***  
38 ***necesidades de Galiza. A visualización dunha alternativa democrática ao PP debe conlevar***  
39 ***unha dialéctica política propia de Galiza.***

#### 40 41 **2.4. Democracia e pluralismo no Estado. O modelo bipartidista antítese da** 42 **alternativa nacionalista, da democracia, do pluralismo e dun modelo** 43 **económico-social, político-cultural e lingüístico alternativo.** 44

45 Actualmente o chamado Estado das autonomías está ancorado, sen saír dunha descentralización  
46 burocrático-administrativa, expresando a incapacidade de evoluir cara un estado plurinacional  
47 pola cerrazón e hostilidade dos poderes hexemónicos, desde os económicos e mediáticos aos  
48 políticos e ideolóxico-culturais. O proceso seguido polo Estatuto vasco, primeiro, mesmo coa  
49 negativa das Cortes á súa admisión a trámite, e o do Estatut catalán, á espera da sentenza do  
50 Tribunal Constitucional, cos máis que probábeis recortes, após pasar pola peneira das Cortes  
51 españolas e ser aprobado en referendo polo pobo catalán, evidencia as limitacións do actual

1 marco autonómico e constitucional para unha transformación democrática do Estado español. O  
2 modelo bipartidista estatal é refractario a esta democratización, igual que o é ao respecto polo  
3 pluralismo político, que paradoxalmente é un valor constitucional. Coa actual configuración do  
4 Estado, as alternancias no Goberno se producen entre as dúas ponlas do bipartidismo, ambas,  
5 malia os matices de importancia, contrarias a calquera cambio cualitativo na súa configuración.  
6 ***Os nacionalismos son no Estado a antítese do modelo bipartidista, a expresión máis xenuína***  
7 ***do pluralismo político e asemade simbolizan a posibilidade de configurar poderes e tendencias***  
8 ***(económicos, mediáticos, culturais, lingüísticos, marcos de decisión e auto-organización...) a***  
9 ***través dos gobernos autonómicos, que entran en contradición cos hexemónicos a nivel estatal.***

10  
11 A democracia, o pluralismo, o anti-monopolismo, a diversidade cultural e lingüística dependen,  
12 en grande maneira, da vitalidade dos movementos nacionalistas no Estado. A dereita española,  
13 representada polo PP, ten abrazado con entusiasmo a causa do combate contra o nacionalismo en  
14 nome da españolidade e dunha concepción da democracia destrutiva coa expresión do pluralismo  
15 político, consoante coa súa vocación hexemonista e autoritaria. A esquerda española mantén unha  
16 postura errática, confusa, moitas veces seguidista, puramente tacticista e, no fondo, conivente coa  
17 tese de que os nacionalismos deben ser reducidos ou eliminados do cenario político. O aparente  
18 cambio operado na primeira lexislatura do Goberno Zapatero, que anunciaba un debate máis  
19 aberto e posibilista sobre o avance no autogoberno das nacións, semella agora paralizado.

20  
21 ***O bipartidismo é o reflexo dun modelo socioeconómico profundamente inxusto e que se***  
22 ***caracteriza por un altísima concentración do poder político, económico, mediático e financeiro***  
23 ***nunhas elites cada vez máis minoritarias.***

24  
25 Non podemos caer no erro de sustentarmos a teses de que as dúas patas do bipartidismo son  
26 intercambiábeis, pero o que si debemos é denunciar como antidemocrática a súa entente sobre os  
27 asuntos esenciais da política estatal e nomeadamente a súa determinación por ir estendendo a súa  
28 hexemonía a todos os territorios do Estado.

29  
30 ***Enfrontar o bipartidismo require promover unha reforma no Estado. É preciso estreitarmos as***  
31 ***alianzas políticas cos outros referentes nacionalistas e procurar neste sentido o alargamento de***  
32 ***Galeuscat ao conxunto do nacionalismo político operante no Estado. O nacionalismo debe***  
33 ***actuar cun maior grao de coordinación na defensa do mínimo común denominador: a)***  
34 ***plurinacionalidade; b) o dereito de todos os territorios do Estado a formular un modelo de***  
35 ***desenvolvemento económico autocentrado; c) establecer un novo sistema de financiamento***  
36 ***autonómico que remate coa incongruencia de que se descentralicen os gastos, pero non os***  
37 ***ingresos.***

## 38 39 **2.5.-A relevancia política da presenza do BNG nas Cortes Xerais.**

40  
41 A presenza de Galiza desde 1996 no cenario da política estatal condicionou a estratexia dos  
42 partidos españois, e mesmo o BNG chegou a condicionar a política práctica do Goberno español  
43 respecto do noso país. Sen dúbida, cando o BNG foi necesario para conformar maiorías  
44 parlamentares de apoio ao Goberno, puidemos negociar acordos claramente beneficiosos para o  
45 país. ***Podemos afirmar que houbo un cambio de posición, no aspecto cuantitativo, do Goberno***  
46 ***do Estado respecto de Galiza grazas ao BNG, especialmente evidente nos Orzamentos desde***  
47 ***2006 até hoxe.***

48  
49 Porén, a presenza nas Cortes ten un valor altamente simbólico tamén. Quen non ten alí presenza  
50 case que non existe no escenario político. Significa, ademais, que hai vontade de existencia como  
51 nación e dignidade nacional con capacidade para expresarse no contexto estatal. ***Na nova***

1 *situación, con Goberno PP na Galiza, e un PSOE no Estado escorado cara posicións pactistas*  
2 *(situación en Euskadi) e recuando na súas posicións democráticas, errático perante a crise*  
3 *económica, o BNG ten que redefinir e matizar máis a súa actuación nas Cortes. O BNG ten*  
4 *que manter un perfil claro fronte á crise desde a diferenza de ser unha forza política galega e*  
5 *popular. Debe ao mesmo tempo seguir mantendo a dispoñibilidade a acordos pontoais co*  
6 *Goberno español en beneficio de Galiza, de forma que non poidan ser instrumentalizados ou*  
7 *manipulados polo Goberno PP.*

8  
9 O BNG manterase como unha forza de oposición con suficiente intelixencia para chegar a  
10 acordos puntuais co Goberno ou coas outras forzas de oposición. *En todo caso, o BNG*  
11 *denunciará sempre a demagogia e o oportunismo políticos do Partido Popular, evitando*  
12 *facerlle o xogo na súa estratexia de acceso ao poder no estado.*

13  
14 Por último, a actividade parlamentar intensa e en conexión coa sociedade debe seguir  
15 caracterizando a presenza do BNG nas Cortes, hoxe máis crucial que nunca.  
16

### 17 **3. ACTUACIÓN MUNICIPAL, PRESENZA SOCIAL E** 18 **DEFENSA DOS INTERESES COLECTIVOS.** 19 **AUMENTAR A BASE SOCIAL ORGANIZADA DO** 20 **BNG EN TODO O PAÍS**

21  
22 A implantación social do BNG, a ampliación da súa base social e da militancia, a integración na  
23 vida política interna da afiliación, ten na nosa organización unha relación moi forte coa  
24 actuación municipal polo que as organizacións locais e a actuación municipal constitúen os  
25 elementos básicos da organización e da presenza social do BNG.  
26

27 O marco no que se desenvolve o noso traballo municipal está caracterizado por unha  
28 estruturación territorial, institucional e normativa mal adaptada á realidade de Galiza. Os  
29 concellos están concibidos como contrapeso político ao poder autonómico, cun funcionamento  
30 lastrado polo localismo baseándose nunha suposta autonomía local, mais curiosamente só en  
31 relación coa institución autonómica e non así coa estatal, e unha gran compoñente personalista  
32 coa potenciación do alcalde ou alcaldesa como figura única. A consecuencia intencionada de  
33 todo isto é a extensión dun lugar común falso: nos concellos importa pouco a ideoloxía, o  
34 fundamental é a xestión.  
35

36 Este modelo, disfuncional para Galiza, resulta distante e contraditorio cos nosos  
37 plantexamentos políticos. Por iso debemos centrar o noso traballo municipal non só na xestión  
38 administrativa e burocrática, senón, sobre todo, na implementación do noso proxecto político  
39 na vida municipal.  
40

41 En consecuencia a nosa actuación debe rexerse polos seguintes principios:

- 42 • *Todas as actuacións que se fagan no ámbito local (xestión, oposición, mobilización,*  
43 *sensibilización, debates sociais, etc.) deben dar resposta a obxectivos políticos claros,*  
44 *definidos, priorizados e impulsados de xeito que cada actuación concreta, incluídas*  
45 *as institucionais, teña un sentido e unha finalidade previamente definidos.*
- 46 • *Somos nacionalistas e esa condición débese plasmar non só na nosa análise política e*  
47 *na defensa do noso ideario político, senón tamén na translación de iniciativas,*  
48 *políticas concretas e na execución dunha actuación municipal que debe estar*  
49 *inserida nun proxecto nacional.*

- 1 • *O BNG debe actuar sempre con iniciativa, introducindo na sociedade os debates sobre*  
2 *as nosas propostas que permitan, ademais, acrecentar a base social organizada.*
- 3 • *Definir e regular a relación entre a organización local, garantindo a súa*  
4 *participación na definición e impulso político, e os grupos municipais, conxugando o*  
5 *papel de dirección política da organización coa necesaria autonomía de acción dos*  
6 *cargos públicos.*
- 7 • *A organización será sempre a responsábel de fixar os obxectivos políticos e os*  
8 *métodos de actuación, definir as liñas básicas da actuación política, establecer a*  
9 *prioridade das actuacións, marcar as actuacións de maior repercusión social e*  
10 *avaliar periodicamente a marcha da actuación municipal. Ademais, a organización*  
11 *debe complementar e reforzar o noso traballo institucional de oposición ou goberno,*  
12 *a través do traballo de información veciñal, introdución social, agrandamento da*  
13 *base organizada do BNG e explicación e valorización social da nosa acción*  
14 *municipal.*

### 16 **3.1. Presenza do BNG nos Gobernos municipais: Acordos programáticos e** 17 **formas de actuación.**

18  
19 Aínda que existe unha enorme diversidade de situacións dependendo do tamaño do Concello e  
20 das condicións nas que estamos no Goberno, as pautas básicas de actuación deben ser as  
21 mesmas en calquera dos casos, adaptados logo a cada casuística particular: proxecto  
22 nacionalista claro, mensaxes claras, priorización da acción de goberno, relacionamento  
23 equilibrado da xestión e os obxectivos políticos prefixados, participación e corresponsabilidade  
24 social. Os obxectivos fundamentais da nosa presenza nos gobernos son: dar solución aos  
25 problemas da sociedade e servir ao proxecto político do nacionalismo e de emancipación  
26 nacional.

27  
28 Cando estamos nun goberno de coalición co PSOE, a situación vólvese moito mais complexa  
29 pois as análises políticas das dúas forzas son distintos. O BNG entende que a ocupación da  
30 maioría das institucións municipais por un Partido Popular centralista e obsesionado coa  
31 eliminación dos nosos sinais de identidade e consciencia nacional, sería negativo para Galiza,  
32 polo que as coalicións entendémolas como necesarias para conxurar este perigo e para permitir  
33 executar o noso proxecto transformador no ámbito local.

34  
35 Obviamente o BNG, por criterios políticos e polos aspectos positivos dos propios pactos, ten  
36 interese en que estes continúen. Non obstante, compre adoptar medidas para corrixir e mellorar  
37 o seu funcionamento. Aínda que deriva centralista do PSOE, cada vez máis acentuada, así  
38 como a constatación da súa falla de lealdade, compromete en ocasións os pactos, ao tratarse  
39 dun problema de actitude política de fondo e de incumprimento dos acordos, máis que do  
40 propio contido destes, non é oportuno proceder á súa revisión global. A revisión debe cingirse  
41 aos casos que se considere necesaria e debe estar orientada a dotalos de maior efectividade no  
42 plano político e social.

43  
44 A actuación do BNG nos gobernos municipais debe guiarse polas seguintes orientacións:

- 45 • *O BNG nos Gobernos Municipais debe ter un proxecto para o seu concello que nos*  
46 *dote dun perfil nido e ben definido fuxindo da dispersión de mensaxes e do*  
47 *hiperactividade da xestión como fin en si mesmo.*
- 48 • *O BNG debe impulsar políticas transformadoras e orientadas ao fortalecemento do*  
49 *noso carácter nacional e a apostar polo benestar e mellora das condicións de vida da*  
50 *cidanía, especialmente das persoas máis desfavorecidas.*
- 51 • *Aplicar na nosa acción de goberno as propostas relativas á administración local*

1 *incluídas no programa de goberno co que concorreremos ás eleccións autonómicas.*

- 2 • *Elaboración de plans de traballo conxuntos entre os grupos municipais e*
- 3 *organizacions locais para lograr que o poder municipal do BNG se traduza en medre*
- 4 *organizativo e maior introdución social do nacionalismo.*
- 5 • *Actualizar as fórmulas de participación e mellorar a comunicación entre os cargos*
- 6 *municipais e a nosa base social. Unha militancia informada e partícipe dos debates e*
- 7 *tomas de decisión é a mellor garantía para trasladar á sociedade a nosa acción*
- 8 *política.*
- 9 • *Temos que abordar abertamente os pactos co PSOE sobre a base de estratexias*
- 10 *políticas comúns. Os gobernos de coalicións deben estar baseados na lealdade e no*
- 11 *respecto mutuos.*
- 12 • *Análise da situación na que se atopan os distintos gobernos de coalición procedendo*
- 13 *á revisión dos que sexa necesario e adoptando as correccións para o cumprimento*
- 14 *dos acordos.*
- 15 • *O BNG debe manter na súa actuación municipal un perfil propio que debe plasmarse*
- 16 *nas propostas, na forma de executalas e establecendo complicidades sociais.*
- 17 • *Actualización da estratexia de actuación en todos os gobernos municipais nos que*
- 18 *participamos, garantindo a participación da militancia na que se definan, polo*
- 19 *menos, os seguintes aspectos: obxectivos políticos a desenvolver polo BNG en*
- 20 *diversos planos de actuación (organizativo, institucional e social), temas a abordar no*
- 21 *espazo temporal que vai até o 2011 e coordinación entre os grupos municipais e a*
- 22 *organización.*

### 23

### 24 **3.2. O BNG como forza de oposición nos concellos.**

25

26 Os obxectivos políticos básicos do BNG son a ampliación da nosa base social, o avance da

27 conciencia nacional e o achegamento ás nosas posicións e ao noso proxecto político de máis

28 capas da sociedade, como maneira de xerar unha aspiración social de cambio político liderado

29 polo BNG e de acadar un apoio social maioritario.

30

31 Por iso é preciso desterrar a idea de que a política de verdade só se pode facer dende o goberno, o

32 que levou a situacións tan paradoxais como a de vivir como éxito ter unha representación

33 minguada se permitía ter responsabilidades de goberno e como un fracaso unha nutrida

34 representación na oposición. Desde a oposición pode realizarse unha política nacionalista eficaz e

35 co obxectivo de acadar apoio social e ter unha maioría que nos permita gobernar.

36

37 Sendo un dos obxectivos da nosa actuación municipal acadar o goberno do concello, debemos

38 orientar o noso traballo, ademais de a lograr o cambio político, a xerar unha estrutura

39 organizativa e unha base electoral que sustenten o futuro goberno local.

40

41 Para iso é preciso realizar unha correcta identificación dos temas nos que imos a centrar a nosa

42 actividade política, da idónea engrenaxe da nosa representación municipal coa organización e

43 da necesaria implicación de máis amplos sectores sociais no traballo a desenvolver.

44

45 A nosa actuación municipal na oposición deber ter en conta os seguintes criterios:

- 46 • *A nosa actuación na institución debe estar orientada a obxectivos políticos, ao*
- 47 *activismo social e introducir na sociedade debates por iniciativa do BNG.*
- 48 • *Tentar transmitir que temos un proxecto nacionalista de goberno con perfil nido e*
- 49 *alternativas realistas.*
- 50 • *Xerar na cidadanía a necesidade dun cambio político e que este sexa liderado polo*
- 51 *BNG, para o que debemos facer explícita a nosa alternativa política e que esta se*

1 *perciba como cribel e verificábel.*

- 2 • *Definir coa antelación suficiente as candidaturas para que se visualice a*
- 3 *credibilidade das nosas equipas.*
- 4 • *Analizar e definir desde os consellos comarcais e os consellos locais, en colaboración*
- 5 *coas distintas asembleas, a nosa política municipal.*
- 6 • *Incorporar á organización a todas aquelas persoas que forman parte da nosa base de*
- 7 *simpatizantes e colaboradoras/es.*
- 8 • *Manter unha política informativa acaída (voceiros locais, web) que garantan a*
- 9 *transmisión directa da nosa mensaxe ao conxunto da sociedade.*
- 10 • *Intensificación do traballo social e da participación da militancia nas organizacións*
- 11 *sociais.*
- 12 • *Defensa dos avances políticos logrados polo BNG desde o Goberno galego.*

### 13 **3.3. Por un modelo de política municipal nacional. A coordinación necesaria**

### 14 **e a definición de liñas de actuacións comúns.**

15 O BNG carece dun modelo de política municipal a nivel nacional por múltiples razóns que non

16 se poden apor só a falla de medios ou de vontade política, senón que ten causas máis fondas. A

17 disparidade de situacións que fai complexa a tarefa si se pretende homoxeneizar sen unhas

18 premisas claras, a necesaria autonomía das Asembleas/Consellos Locais e Grupos Municipais

19 sempre deixou fendas para unha excesiva atomización sen chegar nunca a acoutarse con

20 claridade cales deberan ser os seus límites.

21 A isto hai que engadirlle as dificultades que temos atopado para que se interiorice a

22 importancia do que chamamos política municipal nacional, como consecuencia das dinámicas

23 propias dos grupos locais, polo que é esencial implicar á organización -local e comarcal, no

24 seguimento e supervisión da execución da política municipal nacional no ámbito local.

25 En relación aos contidos políticos, hai que trazar unha clara liña divisoria: cada concello ten

26 unha dinámica propia que só pode ter unha resposta acaída con certa autonomía local. Agora

27 ben, cada asemblea local pode definir o modelo que enfrente a súa realidade pero sempre que

28 os seus contidos políticos e os seus métodos de actuación estean claramente dentro dos

29 parámetros do nacionalismo.

30 A acción política do BNG nos concellos deber servir para abrir un debate amplo e responsábel

31 sobre a estrutura territorial de Galiza, apostando por un modelo baseado nas parroquias, bairros

32 e concellos e nas comarcas e áreas metropolitanas nas que se insiren. Neste sentido, o BNG

33 debe tomar a iniciativa nos debates nacionais sobre política municipal: o marco lexislativo de

34 réxime local, a racionalización do mapa municipal do país, o financiamento das institucións

35 locais, o papel da FEGAMP, etc...

36 As cidades galegas constitúen unha realidade sociopolítica de primeira orde en Galiza e a súa

37 relevancia na política nacional do BNG merece toda a atención da propia dirección nacional. O

38 peso demográfico e electoral ou a influencia que a dinámica política de Vigo, A Coruña, Ourense,

39 Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo ou Ferrol exercen sobre o resto do país, fan obrigado

40 abordar fórmulas que aseguren a máxima coordinación e implicación da dirección nacional na

41 política do BNG nas cidades.

42 A nosa acción de goberno nas cidades, a toma de posición dos nosos alcaldes, tenentes de alcalde

43 ou portavoces municipais sobre determinados asuntos, as crises dos gobernos locais, as polémicas

1 coa administración galega ou estatal, etc. sobardan os límites locais e adquiren con frecuencia  
2 relevancia e trascendencia nacional.

3  
4 Ao mesmo tempo, os e as nosas principais referentes nas cidades poden e deben converterse en  
5 emisoras da opinión e posición política nacional do BNG para amplificar e reforzar a nosa  
6 mensaxe e discurso.

7  
8 Coa experiencia acumulada podemos apuntar as seguintes medidas para avanzar nun modelo de  
9 política municipal nacional:

- 10 • *Construír e proxectar a nivel nacional un perfil propio da política municipal do BNG:*  
11 *política local e concellos para construírmos e facer nación, para xerar máis benestar*  
12 *e máis emprego, mellor xestión, máis transparencia, máis democracia e participación.*
- 13 • *Criar un modelo de política municipal baseado na autonomía local dentro dos*  
14 *parámetros dos contidos políticos e ideolóxicos e dos métodos de actuación do BNG,*  
15 *así como coa fixación de postura ante asuntos e preocupacións comúns e o*  
16 *intercambio da xa abundante experiencia existente.*
- 17 • *Creación dunha Comisión Nacional de Política Municipal, que inclúa tanto á*  
18 *Secretaría Nacional como ás de ámbito comarcal, que terá a responsabilidade de*  
19 *coordinación, seguimento e proposta de estratexias 2009-2011 en todos os concellos e*  
20 *deputacións atendendo ás diferentes casuísticas. Reprodución no ámbito comarcal*  
21 *dun esquema similar.*
- 22 • *No ámbito local, definición de estratexias de actuación municipal, procurando a*  
23 *participación do conxunto da militancia; fuxindo da concepción que relega a política*  
24 *municipal á que se fai dentro da institución.*
- 25 • *Coherencia e homoxeneidade das políticas locais. Evitar contradicións entre*  
26 *governos e entre gobernar e estar na oposición.*
- 27 • *Executar as previsións contidas no programa marco das pasadas eleccións*  
28 *municipais.*
- 29 • *A Dirección do BNG velará pola homoxeneización das obrigas e dos dereitos dos*  
30 *grupos municipais en todos os seus aspectos: financeiros, de relación coa*  
31 *organización, de aceptación das decisións colectivas, de comportamento público, etc.*
- 32 • *A organización de xornadas e encontros sobre asuntos ben definidos garantindo a*  
33 *súa operatividade.*
- 34 • *Definición do papel que deben cumprir os Grupos Provinciais das Deputacións na*  
35 *nosa relación cos nosos grupos municipais e coordinación entre as políticas locais e*  
36 *provinciais para o seu reforzamento mutuo, especialmente nas que cogobernamos.*
- 37 • *Presenza municipal do BNG en proveito do reforzo organizativo (máis afiliación e*  
38 *implicación dos grupos municipais nas campañas nacionais do BNG) e electoral*  
39 *noutros procesos electorais.*
- 40 • *Coordinación da actuación das e dos representantes do BNG nas mancomunidades e*  
41 *noutros instrumentos de xestión municipal.*
- 42 • *Coordinación entre a dirección nacional do BNG e as direccións locais das cidades e,*  
43 *polo tanto, a integración da política das cidades na política nacional do BNG*  
44

### 45 **3.4. Importancia das eleccións municipais de 2011.**

46  
47 As Eleccións Municipais 2011 deben constituír un grande reto para o BNG como instrumento  
48 para fortalecer a implantación territorial e social e avanzar na clarificación social das nosas  
49 alternativas políticas. Ao tratarse dun proceso onde o campo de xogo vai ser fundamentalmente  
50 o dos concellos, vainos permitir facer unha política moi directa de contacto coa sociedade, coa  
51 súa problemática real.

1  
2 Cómpre iniciar a preparación destas eleccións para mellorar a nosa implantación social, territorial  
3 e electoral :

- 4 • *De cara a acadar un maior número de alcaldías e de presenza municipal, elaborar*  
5 *antes de outubro deste ano un Plan de Traballo no que se avalíe con profundidade*  
6 *política a situación real. Tomar decisións con tempo e de xeito matizado e pór en*  
7 *funcionamento as medidas adoptadas nesta Asemblea, coa finalidade de afrontar as*  
8 *vindeiras municipais coas máximas garantías de éxito. Mellorar a nosa colaboración*  
9 *cos colectivos veciñais, sociais, etc. que actúen en cada entorno.*
- 10 • *En consonancia coa importancia política antes resaltada, este Plan de Traballo terá*  
11 *unha especial incidencia nas áreas urbanas e incorporará todas as medidas propostas*  
12 *anteriormente neste documento.*

#### 13 14 **4.- PRINCIPIOS POLÍTICOS DO NACIONALISMO E** 15 **FUNCIONAMENTO DO BNG UNIDADE, PLURALISMO,** 16 **LEALDADE E OPERATIVIDADE.**

17  
18 Todas as persoas, colectivos e partidos que conformamos o actual BNG debemos aceptar que  
19 existen distintas formas de desenvolver o patrimonio programático común, que todas elas son  
20 lexítimas e que só hai un límite que non podemos sobordar: o da propia destrución da  
21 organización como instrumento ao servizo de Galiza.

22  
23 Perante a nova situación, cómpre lembrar principios básicos que dan coherencia e cohesión ao  
24 BNG como instrumento eficaz para a actuación política. **Hoxe máis que nunca temos que**  
25 **suliñar o valor da unidade: sen esta unidade o nacionalismo non é viábel como alternativa**  
26 **política significativa na Galiza.** A estrutura frontista fai viábel a unidade orgánica do  
27 nacionalismo galego. **A diversidade ideolóxica, o pluralismo, é unha realidade que ten a súa**  
28 **pegada na concepción organizativa do BNG, como un valor ineludíbel, que ten que ser**  
29 **aceitado e respectado.**

30  
31 Son os principios básicos do nacionalismo galego os que prestan vertebración nun todo á  
32 diversidade ideolóxica do BNG. A lealdade a estes principios e ao seu desenvolvemento analítico  
33 básico, discutido e aprobado nas sucesivas Asembleas Nacionais do BNG, constitúe a chave para  
34 actuarmos como alternativa política coherente e cohesionada. **Os acordos e as decisións**  
35 **colectiva e democraticamente tomadas, conforme aos principios e resolucións asembleares,**  
36 **teñen que ser respectados escrupulosamente se queremos que o BNG teña a operatividade**  
37 **que unha forza política necesita en calquera circunstancia, e moito máis en circunstancias**  
38 **adversas.** Neste sentido, a lealdade é coa organización, co colectivo que a conforma e cos  
39 principios e as decisións que a moven. **Para todos os militantes, pero especialmente para os**  
40 **que ostentan cargos na dirección e nas institucións, o principio de lealdade esixe discreción**  
41 **respecto dos debates internos, das resolucións aprobadas, para sermos operativos no**  
42 **exterior.** A lealdade conleva corresponsabilidade, isto é, desempeño das funcións  
43 encomendadas, cun sentido de identificación coa liña política e as decisións acordadas.  
44 **Conleva no facer deixación de funcións.** O debate necesario e as discrepancias lóxicas deben ter  
45 unha canle exclusiva dentro das estruturas orgánicas. A lexítima discrepancia externa non pode  
46 converterse nun arma de deterioro social do BNG e moito menos en boicot activo á súa  
47 actividade política.

48  
49 Da conxunción equilibrada destes principios vai depender en boa maneira a vitalidade do BNG  
50 no futuro inmediato.